



GUÍA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL PARA PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Versión actualizada en febreiro de 2026

Federación Down Galicia

ASOCIACIÓN DOWN VIGO

ASOCIACIÓN DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS"

ASOCIACIÓN "TEIMA" DOWN FERROL

ASOCIACIÓN DOWN LUGO

FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA

ASOCIACIÓN DOWN CORUÑA

ASOCIACIÓN DOWN OURENSE

Coordinación da edición:

Xerencia Down Galicia

Revisión da edición:

Departamento de comunicación Down Galicia

Edita:

DOWN GALICIA, 2026



DOWN GALICIA

Declarada de Utilidade Pública (UP/60239/SD), pola Orde INT/2958/2006, BOE nº232 (28/09/06)

Acollida a Lei 49/2002: solicitude de opción polo Réxime fiscal especial do Título II de la Lei 49/2002 dende o 13/12/2006

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ACREDITACIÓN DO NIVEL DE ESTUDOS REALIZADOS

3. ALTERNATIVAS DE FORMACIÓN

Sen o Título de Graduado en Educación Secundaria...

- 3.1. [Ciclos de Formación Profesional Básica](#)
- 3.2. [Educación Secundaria para Adultos \(ESA\)](#)
- 3.3. [Ensinanzas Básicas de nivel I e II](#)
- 3.4. [Accións Formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras Desempregadas \(cursos AFD\)](#)
- 3.5. [Lanzadeiras de emprego e Programas Integrados de Emprego](#)
- 3.6. [Obradoiros de emprego](#)

Co Título de Graduado en Educación Secundaria...

- 3.7. [Formación Profesional \(FP\)](#)
 - 3.7.1. [Ciclo de grao medio](#)
 - 3.7.2. [Ciclo de grao superior](#)
- 3.8. [Bacharelato](#)
 - 3.8.1. [Bacharelato de adultos](#)

4. OUTRAS CUESTIÓN DE INTERESE

- 4.1. [CELGA \(certificación da lingua galega\)](#)
- 4.2. [Competencias clave](#)
- 4.3. [Certificados de profesionalidade](#)

5. OPCIÓN LABORAIS

- 5.1. [Emprego Público](#)
 - 5.1.1. [Oposición e Oferta Pública](#)
 - 5.1.2. [Listas de contratación temporal](#)
- 5.2. [Traballar nunha empresa](#)
 - 5.2.1. [Emprego con apoio](#)
- 5.3. [Emprego protexido](#)
 - 5.3.1. [Centros Especiais de Emprego](#)
 - 5.3.2. [Centros Ocupacionais](#)

6. RECURSOS PARA O EMPREGO E FORMACIÓN

- 6.1. [Servizo público de emprego](#)
- 6.2. [Bolsas de emprego dos concellos](#)
- 6.3. [Confederación de empresarios](#)
- 6.4. [Sindicatos](#)
- 6.5. [Empresas de Traballo Temporal \(EETT\)](#)
- 6.6. [Axencias de colocación](#)
- 6.7. [Empresas de inserción laboral](#)
- 6.8. [Aulas mentor](#)
- 6.9. [Páxinas web de interese](#)
- 6.10. [Recursos de formación e emprego especificamente dirixidos a persoas con discapacidade](#)

1. INTRODUCCIÓN

A Federación Down Galicia é unha organización sen ánimo de lucro creada en 1998 que agrupa ás entidades específicas para a síndrome de Down de Galicia.

Desde a súa constitución definiuse un estilo de traballo propio, marcado polo compromiso social a favor da inclusión e da participación das persoas coa síndrome de Down. Garantir a igualdade de oportunidades das persoas a través dos servizos e actividades da súa contorna é a nosa razón de ser.

Down Galicia está formada por 7 entidades membro que traballan desde as 7 cidades galegas para dar atención a persoas de todo o territorio galego.



O seu obxectivo é conseguir que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais acaden a máxima capacidade posible para levar unha vida autónoma, tomar as súas propias decisións e ser parte da sociedade de xeito visible e inclusivo.

O seu traballo enfócase coma un servizo integral de atención ás persoas chamado SEPAP (Servizo de Promoción da Autonomía Persoal). Como o servizo abrangue todo o período evolutivo das persoas, a organización e xestión dos programas faise atendendo ás necesidades específicas en cada un dos períodos:



Esta guía ten como finalidade axudar a persoas coa síndrome de Down e outras discapacidadeas intelectuais a tomar decisións académicas e profesionais, explicando as opcións formativas existentes na actualidade. Por este motivo, préstase especial atención aos requisitos de acceso que se precisan para optar ás diferentes alternativas.

Esta guía está pensada para ser consultada por todas aquelas persoas que deban decidir ou apoiar/asesorar o proceso de elección académica e profesional da persoa con discapacidade.

ABREVIATURAS EMPREGADAS:

AFD: Accións Formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras Desempregadas

BOE: Boletín Oficial do Estado

CELGA: Certificación da Lingua Galega

DOG: Diario Oficial de Galicia

ECA: Emprego Con Apoio

ESA: Educación Secundaria para Adultos

ESO: Ensinanza Secundaria Obrigatoria

ETT: Empresa de Traballo Temporal

FP: Formación Profesional

FPB: Formación Profesional Básica

CB: Formación Profesional Grao Básico en réxime ordinario

PFB: Programas Formativos Básicos

IPI: Itinerario Personalizado de Inserción

PIE: Programas Integrados de Emprego

SPE: Servizo Público de Emprego

SPEG: Servizo Público de Emprego de Galicia

Lendas desta guía:

- Recursos de formación e emprego específicos para persoas con discapacidade
- Recursos de formación e emprego ofrecidos por Down Galicia e as súas entidades

2. ACREDITACIÓN DO NIVEL DE ESTUDOS REALIZADOS

É moi importante contar coa acreditación documental do nivel de estudos alcanzado de cara a optar ás diversas alternativas de formación e/ou emprego, así como para as persoas que desexan continuar con estudos superiores.

En moitos casos será necesario presentar esta documentación, por exemplo, para a inscrición en oposicións de emprego público, para facer algúns cursos ou solicitar certificados de profesionalidade, etc.

Polo tanto, ao finalizar o ensino obrigatorio, os alumnos e alumnas deben solicitar no Centro Educativo no que remataron os estudos, independentemente do tipo de Centro (ordinario ou especial), a documentación correspondente que acredite o nivel académico alcanzado, que poderá ser, segundo os casos:

- **TÍTULO DE ESO**, cando o alumno ou alumna supera os obxectivos desta etapa educativa
- **TÍTULO DE FORMACIÓN PROFESIONAL GRADO BÁSICO (FPB)**, cando proceda. É importante saber que o alumnado que obteña o Título de FPB, recibirá tamén o Título de ESO
- Ou ben, **CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE**, cando o alumno ou alumna non acadou os obxectivos de titulación

Para máis información: <https://www.edu.xunta.gal/portal/guialomloe/normativa>

[DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

Artigo 29. **Historial académico**

1. *O historial académico terá valor acreditativo das ensinanzas realizadas. Como mínimo recollerá os datos identificativos da alumna ou do alumno, as áreas cursadas en cada un dos anos de escolarización, as medidas curriculares e organizativas aplicadas, os resultados da avaliación, as decisións sobre promoción e permanencia, a información relativa aos cambios de centro e as datas en que se producen os diferentes feitos. Deberá figurar, así mesmo, a indicación das áreas que se cursaron con **adaptacións curriculares***
2. *Co obxecto de garantir a mobilidade do alumnado, cando varias áreas fosen cursadas integradas nun ámbito, farase constar, no historial a cualificación obtida en cada unha delas. Esta cualificación será a mesma que figure no expediente para o ámbito correspondente.*

3. *Tras finalizar a etapa, o historial académico de educación primaria entregaráselles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais da alumna ou do alumno. Igualmente, enviarase unha copia do historial académico e do informe final de etapa a que se refire o artigo seguinte ao centro de educación secundaria en que vaia proseguir os seus estudos a alumna ou o alumno, logo da petición do devandito centro.*
4. *O historial académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.*

Máis información sobre diversas ensinanzas no sistema educativo en:

<https://www.educacionfpydeportes.gob.es/contenidos/estudiantes/portada.html>

Por último, é importante ter en conta algo máis:

En todos os casos é recomendable solicitar no Centro Educativo onde se finalizaron os estudos o **Certificado do nivel de lingua galega CELGA** que lle corresponda ao alumno ou alumna segundo o nivel superado na materia de lingua galega ([ver apartado 4.1. desta Guía](#)).

3. ALTERNATIVAS DE FORMACIÓN

ALTERNATIVAS DE FORMACIÓN SEN TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO) OU EQUIVALENTE

Cales son as opcións educativas ou de formación?

3.1. Formación Profesional Básica

3.1.1. Ciclo de Formación Profesional Grao Básico en Réxime Ordinario (CB)

3.1.2. Programas Formativos Básicos (PFB)

3.2. Educación Secundaria para Adultos (ESA)

3.3. Ensinanzas Básicas de nivel I e II

3.4. Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (Cursos AFD)

3.5. Lanzadeiras de Emprego e Programas Integrados de Emprego

3.6. Obradoiros de Emprego

A finalidade destas alternativas é facilitar a reincorporación ao sistema educativo, ou ben ofrecer distintas vías de formación e capacitación profesional para as persoas que xa están fóra do sistema, evitando a súa desvinculación da formación e ofrecendo unha cualificación profesional que lles pode permitir mellorar a súa empregabilidade.

ALTERNATIVAS DE FORMACIÓN CON TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA OU EQUIVALENTE

De que opcións educativas ou de formación dispoño?

3.7. Formación Profesional

3.7.1. Formación Profesional Básica

3.7.2. Ciclo de Formación Profesional de Grao Medio (CM)

3.7.3. Ciclo de Formación Profesional de Grao Superior (CS)

3.8. Bacharelato

3.8.1. Bacharelato de adultos

ALTERNATIVAS DE FORMACIÓN SEN TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

3.1. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

3.1.1. Ciclo de Formación Profesional Grao Básico en réxime ordinario (CB)

Que é?

Trátase dun ensino regrado de Formación Profesional Básica, é dicir, dentro do Sistema Educativo, e veñen a substituír aos anteriores Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI).

É un ciclo formativo de 2 cursos académicos (2.000 horas) destinados prioritariamente ao alumnado escolarizado que non acada os obxectivos da ESO e queren continuar os seus estudos cara un campo da Formación Profesional.

Ordénase en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable. A organización destas ensinanzas terá carácter flexible para adaptarse ás posibles situacións presentadas polos alumnos e as alumnas.

Na páxina web oficial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, está toda a información: as instrucións de matrícula, a normativa relacionada, os prazos de solicitude, requisitos, documentación a presentar, etc.

<https://www.edu.xunta.gal/fp/fpbasica>

A quen vai dirixido?

Requisitos que debe cumprir o alumnado de forma simultánea:

- Ser proposto/a polo equipo docente
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais
- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso

A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na FP Básica o alumnado de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que teñan 17 anos e non estiveran escolarizados no ano anterior, ou que teñan 18, 19 ou fagan 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos

Estas persoas deberán presentar a solicitude de admisión nos prazos establecidos para a oferta obrigatoria e, de existir máis solicitudes que prazas, asignaranse as prazas seguindo o criterio de menor a maior idade. En caso de empate, utilizaranse os procedementos de desempate regulados.

Segundo a nova lei de FP, que entrou en vigor en marzo de 2022, poderán autorizarse excepcionalmente ciclos formativos de grao básico específicos para:

- a) Quen teña cumprido polo menos 17 anos, cando a súa historia escolar así o aconselle.
- b) Persoas de ata 21 anos de idade con necesidades educativas especiais, unha vez esgotadas as medidas de adaptación na oferta ordinaria, ou cando non sexa posible a súa inclusión en dita oferta ordinaria e as súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de inclusión e atención á diversidade.

Reserva para persoas con discapacidade:

No [Real Decreto 659/2023](#) indícase:

- *"Artigo 15.5. As administracións establecerán unha porcentaxe de prazas reservadas para persoas con discapacidade, que non podrá ser inferior ao cinco por cento da oferta das plazas."*

Na [Lei Orgánica 3/2022](#) contemplase unha sección de modalidades dirixidas a colectivos específicos.

"Sección 3.^a Modalidades dirixidas a colectivos específicos

Artículo 70. Personas con necesidades educativas especiales.

1. *Cuando las medidas y alternativas organizativas y metodológicas y las medidas de atención a la diversidad e inclusión no sean suficientes para las personas con discapacidad, podrán efectuarse ofertas de Grado A, B, C y D en modalidad específica, dirigidas a personas con necesidades educativas especiales.*
En el caso de las ofertas de formación profesional del sistema educativo, las personas estudiantes escolarizadas en centros ordinarios o en centros de educación especial podrán permanecer escolarizadas, al menos, hasta los 21 años.
2. *Las ofertas se ajustarán a las características y perfil de los destinatarios, promoviendo la adquisición de aquellos estándares de competencia o elementos de competencia compatibles con cada discapacidad, y garantizando el derecho a su formación en las empresas, con las adaptaciones que precisen, sin que sufran discriminación en la asignación de empresa.*
3. *Se favorecerá la oferta de formación profesional a lo largo de la vida que capacite y mantenga actualizadas a las personas con discapacidad en su itinerario profesional."*

Con carácter xeral, o número de postos escolares dispoñibles para cada ciclo da formación profesional básica é de vinte.

Excepcionalmente, a xefatura territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que corresponda poderá modificar o límite establecido, considerando as posibilidades organizativas do centro.

Do total de postos escolares que se ofrezan en cada ciclo, o 10% das prazas convocadas reservarase para estudantes que teñan recoñecida unha discapacidade, na mesma porcentaxe que para o resto das ensinanzas de formación profesional.

Para máis información sobre a Formación Profesional Básica, podes consultar:

- ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas:
https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20150722_regulacion_fp_basica.pdf
- RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250710/AnuncioG0761-010725-0001_gl.html
- [Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional](#)
- [Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional](#)
- Normativa de aplicación: <https://www.edu.xunta.gal/fp/fp-basica>

Que especialidades profesionais hai?

Nas seguintes ligazóns pódese atopar a oferta de ciclos formativos básicos para o curso escolar actual:

- Oferta clasificada por provincia e concello, así como por familia profesional e ciclo: <https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp>
- Pode navegar e descubrir os centros educativos coa súa oferta de ciclos formativos básicos: <https://www.edu.xunta.gal/fp/centros>

Cando se fai a matrícula?

Prazos de solicitude e matrícula: en setembro.

[https://www.todofp.es/comunes/ccaa-
eventos/galicia.html?texto=&tipoEvento=09&desde=01%2F09%2F2025&hasta=31%2F12%2F2025](https://www.todofp.es/comunes/ccaa-
eventos/galicia.html?texto=&tipoEvento=09&desde=01%2F09%2F2025&hasta=31%2F12%2F2025)

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, no caso de existir maior número delas que de postos escolares dispoñibles, asignaranse as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade:

- a) Alumnado que cursase 2º de ESO
- b) Alumnado que cursase 3º de ESO
- c) Alumnado que cursase 4º de ESO

Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.

En caso de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar seleccionaranse en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación. Se logo de aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase por sorteo.

Que titulación se obtén ao rematar un Ciclo de FP Grao Básico?

A partir do curso 2022-23, coa nova norma de educación (Lei Orgánica 3/2020, LOMLOE, artigo 44, BOE Nº 340 do 30/12/2020). O acceso ao Título de ESO ao superar a FP Básica deriva da LOMLOE (LO 3/2020), pero mantense e intégrase no novo sistema de FP (LO 3/2022):

- O alumnado que supere un ciclo formativo de grao básico recibirá o Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria (ESO)
- Tamén recibirá o título de Técnico Básico na especialidade cursada

Quen non supere o ciclo formativo recibirá unha Certificación Académica dos módulos profesionais e competencias adquiridas, con efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e da Formación Profesional.

Máis información na web do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes:

<https://www.todofp.es/que-estudiar/grados-d/fp-grado-basico.html>



Medidas de atención á diversidade:

- Flexibilización modular no réxime ordinario
- Apoio educativo

3.1.2. Programas Formativos Básicos (PFB)

Que son?

Trátase dunha oferta específica de formación profesional básica, que difire da anterior na súa estrutura e acreditación final.

Ten unha duración de un curso académico, no que se inclúen algúns módulos de titulacións de FP básica e un módulo de 160 horas de prácticas (FCT).

A quen van dirixidos?

A alumnado con Necesidades Educativas Específicas (NEE), escolarizado en centros de educación especial.

● Medidas de atención á diversidade:

- Adaptacións curriculares: nalgúns módulos, para atender as necesidades do alumnado
- Flexibilización modular

Onde se cursan estes Programas?

Ademais da oferta ordinaria de FPB, a Consellería publica anualmente unha oferta específica de prazas en Programas Formativos Básicos, a maioría en Centros de Educación Especial, a excepción de algún Instituto de Ensino Secundario en Ferrol e en Neda.

A oferta de prazas para os módulos correspondentes a **programas formativos básicos** pode consultarse actualizada en: <https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp>

Que titulación se obtén ó rematar un Programa Formativo Básico?

Con esta oferta específica **non se obtén o Título de FPB**.

Superado o Programa Formativo dará lugar a un certificado de profesionalidade de nivel 1 e a posibilidade de continuar a formación nun ciclo de FP básica.

3.2. EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS (ESA)

Que é?

É a vía de acceso para persoas adultas para obter o Título de Graduado en Educación Secundaria.

Estas ensinanzas son equivalentes ás ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria polo réxime ordinario (ESO).

A quen vai dirixido?

A todas as persoas maiores de 18 anos que desexen obter o Título de Graduado en Educación Secundaria.

Excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo ou estean en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar estes estudos polo réxime ordinario.

Para máis información: <https://www.edu.xunta.gal/portal/ea/que-estudar>

Como son os contidos destes estudos?

Teñen 3 campos de coñecemento organizados en 4 módulos de duración cuatrimestral, que dependendo dos estudos previos do alumno ou alumna poderanse cursar en 1 ou 2 cursos escolares.

Que modalidades hai?

- Modalidade presencial: é obrigatoria a asistencia ás titorías.
- Modalidade a distancia semipresencial e telemática: non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores e titoras é a través da Aula Virtual do IES San Clemente.

Cando e onde se fai a matrícula?

- Na modalidade presencial: en setembro abren o prazo para o 1º cuatrimestre, e en xaneiro abren o prazo para o 2º cuatrimestre
- Na modalidade a distancia, semipresencial e telemática: de setembro a xaneiro do ano seguinte para o 1º cuatrimestre e de febreiro a maio para o 2º cuatrimestre

Probos libres de Graduado en ESO

Para persoas maiores de 18 anos a convocatoria publícase todos os anos no Diario Oficial de Galicia (DOG) no mes de marzo.

Na seguinte dirección hai un manual onde se explica todo o relacionado con estas probas (exemplos de exame, organización e parte dos exames...).

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/1238>

Como é a preparación para ir ás probas libres?

Neste enlace hai material didáctico elaborado pola propia Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>

Onde se pode estudar a ESA?

Pódese consultar a rede de centros no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/ea/onde-estudar>

INTERESANTE PARA TER EN CONTA

O Título de Graduado Escolar é o mesmo que o Título de Educación Secundaria?

- A efectos laborais: para presentarse a Oposicións ou postos de traballo, son equivalentes
- A efectos académicos: para seguir estudando non teñen o mesmo valor, válídanse os módulos 1 e 2 de todos os ámbitos.

Neste enlace pódese consultar a táboa de equivalencias:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/ea/validacions>

Cales son os puntos de información?

A través de:

- Correo electrónico: educadultos@edu.xunta.es
- Teléfono de contacto: 981546549
- <https://www.edu.xunta.gal/portal/ea>

3.3. ENSINANZAS BÁSICAS DE NIVEL I E II

A quen vai dirixido?

A todas as persoas adultas que teñan dificultades nas técnicas instrumentais básicas: lectura, escritura e cálculo.

- Nivel I. Alfabetización

Persoas destinatarias: Aquelas que necesiten adquirir as habilidades instrumentais básicas: lectura, escritura e cálculo.

- Nivel II. Consolidación de coñecementos e técnicas instrumentais

Persoas destinatarias: Aquelas sen titulación que queiran acceder á Educación Secundaria para persoas adultas, seguir con éxito os cursos de cualificación profesional ou potenciar a súa participación na sociedade.

Como realizar a inscrición?

O período de matrícula está aberto durante todo o curso, aínda que estean iniciados. Por norma xeral os cursos van de setembro a xuño.

Onde realizar a inscrición?

Nos propios centros que imparten os cursos, que son os Centros Específicos de Educación de Adultos, e nos Institutos de Educación Secundaria Obrigatoria.

Consulta os centros no seguinte enlace: <https://www.edu.xunta.gal/portal/ea>

Como son os contidos destes estudos?

Grupos reducidos, metodoloxía individualizada e materiais específicos; e horarios flexibles, cunha dedicación semanal de 12 horas aproximadamente.

Que titulación se obtén?

Certificado de Asistencia, non tendo equivalencia académica, pero facilitan o acceso á ESA ou a accións formativas posteriores.

Que centros imparten esta formación?

Pódese consultar no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3466>

3.4. ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE A PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS (CURSOS AFD)

Que son?

Son cursos de formación ocupacional para aquelas persoas que queiran prepararse para acceder a unha ocupación no mercado laboral ou axudarlle a mellorar a súa cualificación profesional. Estas accións pertencen ao ámbito da Formación Profesional para o Emprego e das políticas activas de emprego, non ao sistema educativo.

A quen van dirixidos?

A aquelas persoas maiores de 16 anos desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego.

Quen ten prioridade?

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración contempla algúns colectivos como prioritarios, que veñen definidos cada ano na orde de convocatoria de Accións Formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas. Por exemplo: colectivos concretos de idade, persoas desempregadas de longa duración, mulleres, vítimas de violencia de xénero, demandantes con baixa cualificación, **persoas con discapacidade**, persoas en situación de ERTE, etc.

En principio, salvo que a Consellería estableza normas específicas na orde anual, teñen preferencia para a participación nos cursos as persoas desempregadas que teñan aberto un Itinerario Personalizado de Inserción no que estea solicitado o curso.

Que é un Itinerario Personalizado de Inserción (IPI)?

Un IPI é un Itinerario Personalizado de Inserción guiado polo persoal técnico de orientación laboral do Servizo Público de Emprego (os orientadores e orientadoras laborais atópanse nas Oficinas de Emprego e nos Centros Colaboradores).

Como se pode acceder a un curso AFD?

- Solicitando os cursos directamente na oficina de emprego, ou a través da páxina da oficina virtual do Servizo Público de Emprego: <https://emprego.xunta.gal/portal/gl/>
- A través dun IPI: co asesoramento do orientador ou orientadora laboral

Hai axudas económicas por participar nun curso AFD?

O alumnado dun curso AFD pode ter dereito a diversas axudas económicas en función de se cumpran unha serie de factores e circunstancias.

Os casos son variados e suxeitos a certas incompatibilidades e/ou modificacións anuais, que se poden consultar detalladamente na páxina da Consellería:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR301V>

Os alumnos e alumnas participantes que teñan dereito a algunha axuda, deben presentar a súa solicitude no rexistro da Xunta, xunto coa documentación no prazo correspondente.

Dereitos para as persoas con discapacidade

No caso de cursos que teñan un mínimo de 1 alumno ou alumna con certificado de discapacidade, a entidade que imparte o curso pode solicitarlle á Xunta de Galicia as seguintes medidas compensatorias:

- Persoal de apoio
- Adaptación do material didáctico, adaptación curricular

As persoas con certificado de discapacidade poden optar a unha beca específica de asistencia, se compren os requisitos económicos.

Onde se poden consultar as ofertas de cursos?

Na páxina de Emprego Galicia da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración podemos atopar a oferta detallada por provincia, concello e especialidade.

<https://emprego.xunta.es/diplos>

Teñen requisitos académicos de acceso?

É imprescindible cumprir **algún** dos requisitos de acceso ó certificado de profesionalidade que teña asociado o curso AFD solicitado.

- Nivel 1: Ningún requisito académico
- Nivel 2:
 - Título de Graduado en Educación Secundaria
 - Competencias clave de nivel 2
 - Certificado profesional da mesma familia e área profesional de nivel 1
- Nivel 3:
 - Título de Grado Medio ou Bacharelato
 - Competencias clave de nivel 3
 - Certificado profesional da mesma familia e área profesional de nivel 2

Para casos máis específicos consultar a páxina web:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140115/AnuncioCA05-090114-0001_gl.html

Onde se imparten?

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración conta cunha rede de centros homologados que imparten formación. Pódense consultar nas seguinte web:

<https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/formacion-emprego/rede-centros>

Que certificación se obtén?

Ao rematar o curso o centro expide un diploma oficial, no que especifica as horas, os módulos aprobados, etc.

O diploma non é unha titulación académica.

No caso de que o curso estea asociado a un Certificado de Profesionalidade, o alumno ou alumna deberá solicitalo expresamente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Pódense consultar todos os trámites e modelos de solicitude no enlace:

https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/certificados-profesionalidade/solicitud?langId=gl_ES

3.5. LANZADEIRAS DE EMPREGO E PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O EMPREGO

Que son?

Son programas dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego.

Estes programas combinan accións de información, orientación e asesoramento, cursos de formación e/ou prácticas laborais.

A quen van dirixidos?

A persoas traballadoras en situación de desemprego con dificultades para acceder a unha ocupación no mercado laboral.

O colectivo de persoas con discapacidade, entre outros, é un dos que contan con preferencia na selección para estes programas.

Como se pode acceder a eles?

A preselección de persoas candidatas para participar nestes programas é derivada polo Servizo Público de Emprego ás entidades que os levan a cabo.

Os centros serán os que realicen a selección definitiva de participantes baseándose en principios de preferencia, que veñen sinalados cada ano na propia orde que regula ditos programas.

Nas seguintes páxinas pódese consultar información máis detallada sobre este tipo de programas:

https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/?option=com_content&view=article&id=592

<https://www.lanzaderasconectaempleo.es/>

Onde se imparten?

Lévanos a cabo diversas entidades públicas ou privadas (asociacións, Concellos, Deputacións...) e están financiados con fondos públicos, mediante convocatoria anual de subvención.

Que acreditación se obtén?

Unha diploma ou certificado expedido polo Centro que leva a cabo o Programa.

Algúns destes Programas inclúen formación acreditada con Certificados de Profesionalidade.

3.6. OBRADOIROS DE EMPREGO

Que son?

Son programas mixtos de formación e emprego, incluídos dentro das medidas de apoio á creación de emprego. Alternan a formación profesional teórico - práctica nunha determinada ocupación, coa experiencia real nun posto de traballo mediante contrato laboral.

A finalidade é que as persoas participantes estean capacitadas para o desempeño axeitado dun oficio.

A quen van dirixidos?

A persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego, con baixa cualificación, preferentemente domiciliadas no concello onde se imparte o Obradoiro.

Como se pode acceder a eles?

As persoas desempregadas interesadas en participar deben solicitalo na súa demanda de emprego, directamente na súa oficina de emprego ou a través do Servizo de Orientación.

A preselección de persoas candidatas será realizada polo Servizo Público de Emprego, mediante unha sondaxe de demandantes na oficina de emprego correspondente á localidade onde se realizará o Programa e seguindo os criterios de acceso (idade, colectivos preferentes, nivel académico) que se definan na orde da convocatoria.

Que ofrecen os obradoiros de emprego?

- Formación profesional nunha especialidade
- Contrato laboral específico do programa
- Certificados de profesionalidade
- Formación nas competencias clave relativas ós certificados profesionalidade, se é o caso
- Práctica e experiencia profesional nas ocupacións nas que se formen
- Información sobre técnicas de procura de emprego e orientación laboral
- Formación sobre autoemprego e creación de pequenas empresas
- Formación en prevención de riscos laborais
- Módulo de alfabetización informática
- Apoio na formación para o acceso ó Título de Graduado en Educación Secundaria

Que especialidades profesionais teñen?

No seu comezo, coa denominación de Escolas Obradoiro e Casas de Oficios, estes programas enfocábanse ós oficios tradicionais de obras e servizos (carpintería, forxa, xardinería - forestal, construción, etc.)

Actualmente tamén atopamos outras especialidades relativas a novos xacementos de emprego, como atención socio- sanitaria e coidado de persoas, enerxías renovables, promoción turística, hostalería, etc..

Onde hai información para solicitalos?

Nas oficinas de emprego e nas entidades promotoras que os desenvolven. Normalmente, publícase na prensa local unha oferta co anuncio do inicio do Obradoiro de Emprego.

Que acreditación se obtén?

Finalizada a participación no Obradoiro de Emprego, as persoas participantes recibirán un certificado expedido pola Dirección Xeral de Emprego e Formación, no que constarán o número de horas, o nivel de formación teórico - práctica adquirida e os módulos formativos cursados. Con este diploma tramitarase a solicitude do Certificado de Profesionalidade correspondente.

Pódense consultar neste enlace os trámites da solicitude:

<https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/certificados-profesionalidade/solicitude>

Onde se desenvolven os Obradoiros de Emprego?

- Órganos, Organismos Autónomos e outros Entes públicos da Administración Xeral do Estado e das Comunidades Autónomas
- Entidades Locais e os seus Organismos Autónomos
- Entidades con competencias en materia de promoción de emprego dependentes ou asimiladas a Entidades Locais, cuxa titularidade corresponde integramente a estas
- Consorcios
- Asociacións, Fundacións e outras Entidades sen ánimo de lucro

Para máis información pódense consultar as seguintes ligazóns:

https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/programas-mixtos?langId=gl_ES
<https://emprego.xunta.gal/portal/gl/10-demandantes/demandantes-gl/318-obradoiros-de-emprego.html>

ALTERNATIVAS DE FORMACIÓN CON TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

3.7. FORMACIÓN PROFESIONAL (FP)

Que é?

A FP intégrase nun Sistema de Formación Profesional único, que inclúe tanto FP do sistema educativo como FP para o emprego cunha organización en módulos e con contidos teórico - prácticos que teñen como finalidade a adquisición das competencias necesarias para unha inserción laboral satisfactoria e o desempeño de diversas profesións:-

A partir da aprobación da Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional. introdúcense cambios na estrutura da FP:

Cursos organizados por graos

Os diferentes niveis nos que se organiza a nova formación profesional van dende a A ata a E, segundo a duración dos cursos. O obxectivo desta agrupación é obter unha competencia específica para mellorar a empregabilidade, de maneira que os e as estudantes poidan facer cursos de menos horas.



Do A ao C: oferta base e Certificado Profesional

Os máis básicos son os do grupo A, que son a "oferta base" e acreditan de xeito parcial as competencias. Os B son para realizar un módulo completo, pero non fará falta completar esa formación; porén, poderá obter este nivel acumulando diferentes cursos do grupo A. O nivel C son varios módulos que levan a obter un Certificado Profesional e poderán supoñer prácticas en empresas. En Galicia, os

Graos A e B non se ofertan aínda como ensinanzas identificadas con esa denominación, pero están xa presentes de forma funcional a través de acreditacións parciais de competencia, formación modular, cursos asociados a certificados profesionais e procedementos de acreditación de competencias.

D e E: Ciclos Formativos e Máster Profesional

O grao D engloba os anteriores Ciclos Formativos: ~~FP Básica~~, Grao Medio e Grao Superior. A FP e o Grao Medio seguen en dous anos de duración, que son 2.000 horas, e o Superior pode chegar ata tres.

Por último, o nivel E son cursos de especialización para conseguir o título de Máster Profesional. Poderase ofrecer en educación secundaria de segundo grao ciclos de grao medio-, como en superior. Estes másteres serán modulares e durarán entre 300 e 800 horas, menos que os universitarios.

Que modalidades hai para estudar FP?

A formación profesional conta actualmente con diversa oferta segundo as modalidades de estudio:

- Réxime **ordinario**, grao profesional básico (*), grao medio e grao superior
- Réxime das persoas adultas na modalidade **presencial (oferta modular)**
- Réxime das persoas adultas na modalidade **a distancia (oferta modular)**
- Oferta de prazas para **formación profesional dual**
- Oferta de prazas para **probos libres de ciclos formativos**

(*) *Para a información relativa á FP de Grao Básico remitimos ao apartado 3.1 desta Guía, na sección correspondente a Alternativas de Formación sen o Título de Graduado en Educación Secundaria.*

Para información sobre a FP Dual: a Xunta de Galicia publicou en maio de 2020 unha Guía á que se pode acceder no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/guia-basica-fp-dual>

A nova lei de FP establece que toda a oferta de formación profesional dos Graos C e D vinculada ao Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais terá carácter dual, baixo un dos réximes da oferta: xeral ou intensiva, que se diferencian pola duración da formación na empresa ou organismo equiparado, pola significación da formación na empresa ou organismo equiparado no desenvolvemento do currículo e polo estatus da persoa en formación.

Está previsto que se incorpore a figura de Persoal de apoio especializado que asesore e facilite o acompañamento no itinerario formativo de persoas con discapacidade.

Cal é a oferta de formación profesional?

Pódese consultar nos seguintes enlaces:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp>

<https://www.todofp.es/como-cuando-y-donde-estudiar.html>

Cando é a matrícula?

O prazo ordinario de presentación das solicitudes é en xuño/xullo (17/06 a 04/07) e o prazo extraordinario en setembro. Debe presentarse a solicitude no centro educativo que ofrece a oferta formativa.

Máis información: <https://www.edu.xunta.gal/fp/que-facer-para-matricularse>

3.7.1. Ciclo de grao medio: Que titulación se obtén?

O título de Técnico da especialidade cursada.

Que requisitos son necesarios?

Para poder cursar estudos de ciclos formativos de Grao Medio, o alumnado debe cumprir como mínimo un dos seguintes requisitos:

- Posuír o título de Graduado en Educación Secundaria ou dun nivel académico superior
- Posuír o título profesional básico (o [perfil de cada título](#) indica os ciclos de grao medio con preferencia de acceso)
<https://www.edu.xunta.gal/fp/fpbasica-perfis-profesionais>
- Posuír o título de técnico dun ciclo formativo de grao medio de formación profesional
- Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos ou a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos

Aquí pódense consultar todos os requisitos:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/requisitos-acceder-grao-medio>

Coa aprobación da nova Lei da FP, as probas para o acceso a un ciclo de Grao Medio poderán ser específicas e adaptadas ao perfil profesional do ciclo formativo para quen, tendo cursado a formación profesional básica sen superar o ciclo na súa totalidade, superaran o módulo do ámbito profesional dun ciclo formativo de grao básico.

Tamén se introduce coa nova lei, que as autoridades educativas deberán ofertar, con arranxo aos principios de accesibilidade, igualdade de trato e non discriminación e igualdade de oportunidades, cursos de formación específicos preparatorios para o acceso á formación profesional de grao medio e grao superior, destinados a persoas que no cumpran os requisitos de acceso. A superación da totalidade ou de parte destes cursos dependentes das administracións educativas comportará a exención, total ou parcial, da proba de acceso, considerando, no seu caso, a posesión dun Grao A, B ou C de formación profesional ou de experiencia laboral.

3.7.2. Ciclo de grao superior

Que titulación se obtén?

O título de Técnico Superior da especialidade cursada.

Que requisitos son necesarios?

Para poder cursar estudos de ciclos formativos de Grao Superior, o alumnado debe cumprir como mínimo un dos seguintes requisitos:

- Dispoñer do Título de Bacharelato
- Título de técnico especialista, de técnico superior, técnico ou equivalente para efectos académicos
- Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos ou a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Aquí pódense consultar todos requisitos:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/requisitos-acceder-grao-superior>

Tamén se introduce coa nova lei, que as autoridades educativas deberán ofertar, con arranxo aos principios de accesibilidade, igualdade de trato e non discriminación e igualdade de oportunidades, cursos de formación específicos preparatorios para o acceso á formación profesional de grao medio e grao superior, destinados a persoas que non cumpran os requisitos de acceso. A superación da totalidade ou de parte destes cursos dependentes das administracións educativas comportará a exención, total ou parcial, da proba de acceso, considerando, no seu caso, a posesión dun Grao A, B ou C de formación profesional ou de experiencia laboral.

3.8. BACHARELATO

Que é?

É unha etapa posterior á educación secundaria obrigatoria e, por tanto, ten carácter voluntario.

Consta de 2 cursos e serve para acceder a estudos superiores.

A quen vai dirixido?

Alumnado que superou a ESO

- Réxime Ordinario: entre 16 e 18 anos
- Réxime de persoas adultas: maiores de 18 anos ou, excepcionalmente, maiores de 16 con contrato de traballo ou en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar os estudos en réxime ordinario

Que titulación se obtén?

Título de Bacharelato

No seguinte buscador pódese ampliar información e acceder ó listado de centros que imparten Bacharelato en Galicia, nos distintos réximes:

<https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/BuscaCentros.do>

3.8.1. Bacharelato de adultos

Cal é a súa organización?

Existen 2 modalidades:

- Modalidade semipresencial: esixe a asistencia obrigatoria ás titorías de cada materia (1 hora semanal por cada materia que se curse)
- Modalidade a distancia con titorías telemáticas: non supón a asistencia a titorías presenciais.

A comunicación cos titores é a través da Aula Virtual do IES San Clemente (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanclemente/aulavirtual/>) e os exames poden realizarse nas sete principais cidades galegas: Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Cales son os requisitos de acceso?

Debe cumprirse como mínimo un dos seguintes requisitos:

- Posuír o título de Graduado en Educación Secundaria
- Posuír o título de Técnico Auxiliar de Formación Profesional de primeiro grao
- Ter aprobado o segundo curso do Bacharelato unificado e polivalente (BUP) ou, como máximo, con dúas materias non superadas
- Ter o Título de Técnico correspondente á formación profesional de Grao Medio

Nesta ligazón pódese acceder a toda a información sobre as condicións de matrícula, centros, convocatorias, etc.:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/ea/bachelorato>

4. OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE

4.1. CELGA

Que é ?

É o sistema de **Certificación de Lingua Galega**, que se clasifica en diferentes niveis, dende o 1 ó 5.

Para que serve?

- Requisito con frecuencia baremable ou imprescindible para acceder ó Emprego Público en Galicia (oposicións, listas de contratación temporal...)
- É equivalente á Competencia Clave en Lingua Galega do mesmo nivel a efectos de acceso aos Certificados de Profesionalidade

Como se pode optar a el?

- Exame oficial de Política Lingüística
- Por validación segundo o nivel académico, que se solicitará no último Centro Educativo no que se estudou. Para poder validar por estudos deben estar cursados en Galicia coas materias correspondentes en Lingua Galega

As validacións máis frecuentes relacionadas cos niveis académicos son:

CELGA 1:

- Ter cursada e superada a materia de Lingua Galega dos 6 cursos da EXB
- Ter cursada e superada a materia de Lingua Galega en todos o cursos de Educación Primaria

CELGA 2:

- Título de Graduado Escolar (EXB)
- Educación Primaria e ter aprobados dous cursos da ESO

CELGA 3:

- Título de Graduado en ESO
- Título de FP Básica
- FP1

CELGA 4:

- Bacharelato (LOGSE, BUP)
- FP2

Ver condicións específicas neste enlace: <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga/validacion-de-estudos-de-galego>

Actualmente, é moi importante ter en conta que as Titulacións de Ciclo Medio e Ciclo Superior non teñen validacións co CELGA.

Como se pode preparar o exame oficial?

- Por libre, coa axuda dos materiais e modelos de exame que está a disposición na páxina web: <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo>
- Asistindo a cursos preparatorios para o nivel do CELGA ao que se queira optar, que convoca cada ano a Secretaría Xeral de Política Lingüística

Cando e onde se convocan os cursos?

Os cursos preparatorios para o exame dos distintos niveis do CELGA celebraranse ao longo de todo o ano, mediante convocatoria pública.

Son gratuítos, impartidos en Escolas Oficiais de Idiomas e centros autorizados. Ditas escolas distribúense polo territorio galego, podendo atopar esta listaxe dos centros no seguinte enlace:

<https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/escolas-oficiais-de-idiomas>

A asistencia ós cursos non é equivalente á obtención do Certificado, só axudan ao alumnado a preparase para as probas oficiais.

Para obter a información dos cursos, así como as convocatorias do exames oficiais, consulta o seguinte enlace:

<https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias>

- As persoas que acrediten como mínimo un 33% de discapacidade estarán EXENTAS do pago das taxas de exame.
- No caso de que unha persoa que se vaia presentar ás probas teña algunha **discapacidade**, indicará na súa solicitude o tipo e o grao de discapacidade coa súa acreditación correspondente, así como o apoio que precisará para poder realizar as probas.
- As persoas cunha discapacidade física ou intelectual igual ou superior ao 33 % que as imposibilite para acreditar algunha das destrezas comunicativas (comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita, expresión escrita) poderán solicitar a exención de realizar a proba ou probas referidas a esas destrezas. No caso de persoas con **discapacidade intelectual** poden solicitar os apoios que precisan: proba en lectura fácil, acompañante preparador ao exame, proba dixital (se é necesario a utilización de ordenador para realizar a proba), etc. para que lle sexa valorado e autorizado se procede pola súa tipoloxía e grado de discapacidade.
- **É moi importante que na solicitude se exprese claramente a petición destas medidas e apoios que se precisan.**

4.2. COMPETENCIAS CLAVE

Que son?

Son os requisitos formativos que acreditan que o alumnado posúe os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento os cursos correspondentes aos novos Certificados de Profesionalidade de Nivel de Cualificación 2 e 3. Os cursos de nivel 1 non esixen acreditación de competencias.

A quen van dirixidas?

Ás persoas que non teñen o nivel académico esixido nos cursos AFD e nos Certificados de Profesionalidade.

Non teñen equivalencia académica para outros efectos.

Cales son as competencias clave?

- Comunicación en Lingua Galega
- Comunicación en Lingua Castelá
- Comunicación en Linguas Estranxeiras
- Competencia en Matemáticas

Cantos niveis hai?

Cada competencia ten nivel 2 e 3.

Como se acreditan?

- Mediante a posesión do nivel académico correspondente:
 - Nivel 2: Título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente
 - Nivel 3: Bacharelato ou equivalente
- Mediante un Certificado de Profesionalidade do mesmo nivel
- Mediante un Certificado de Profesionalidade de nivel inferior na mesma familia e área profesional
- A Competencia Clave en Lingua Galega acredítase mediante o CELGA do mesmo nivel
- Cursando e superando as accións formativas sobre competencias clave ofertadas no seguinte enlace:
<https://diplos.xunta.gal/diplos/cursos?searchText=competencias%20clave&pag=1>
- Superando as probas oficiais de Competencias Clave que convoca a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

En que consisten as probas de avaliación en competencias clave?

A persoa participante terá que realizar un exame sobre cada unha das Competencias Clave nas que realizou a inscrición.

A convocatoria das probas de avaliación en Competencias Clave sae publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) e nas páxinas web oficiais con información detallada sobre o lugar e datas das probas:

https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/?option=com_content&view=article&id=340

<https://conselleriaemprego.xunta.gal/es/formacion/competencias-clave>

As persoas que participen nas probas de avaliación en competencias clave recibirán un documento acreditativo de cada competencia superada ou non superada.

E tamén se poden consultar os resultados mediante o buscador por DNI que ofrece a páxina da Xunta:

https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/competencias-clave/buscador-de-notas?langId=es_ES

- As persoas participantes que acrediten **discapacidade** poden sinalar explicitamente na súa folla de solicitude as adaptacións nas probas segundo precisen: ampliación do tempo, ampliación da letra, instrucións por escrito, intérprete de signos, proba dixital en ordenador ou especificar outras adaptacións necesarias, como pode ser, **proba en lectura fácil**.

4.3. CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

Que é?

É un documento oficial que acredita a competencia profesional segundo o Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.

Ten validez en toda España.

Que especialidades hai?

Clasifícanse en diversas Familias e Áreas profesionais.

Teñen asociado un nivel de cualificación, que pode ir do 1 ao 3, segundo nivel de competencia profesional.

No Fichero de Especialidades Formativas pódense consultar os contidos, nivel e perfís profesionais relacionados con cada certificado, clasificados por familia profesional:

<https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/especialidades-formativas>

Cales son os requisitos de acceso?

Os de nivel 1 non teñen requisitos académicos, os de nivel 2 e 3 pódense consultar con detalle no seguinte enlace:

https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/es/?option=com_content&view=article&id=390

Cales son as vías para a obtención dun certificado de profesionalidade?

- Mediante cursos homologados e diversos programas formativos:
 - Programa de Cualificación Profesional Inicial (PCPI)
 - Formación Profesional Básica (FPB)
 - Ciclos formativos de Grado Medio ou Superior
 - Cursos AFD e antigo Plan FIP con certificado de profesionalidade
 - Programas formativos homologados na obtención de certificados de profesionalidade
- Mediante programas mixtos de formación e emprego:
 - Obradoiros de emprego
 - Contratos formativos ou contratos vencellados a programas mixtos
- Mediante os procedementos de acreditación de competencias profesionais por experiencia laboral, a través das diferentes convocatorias

Máis información en:

<https://emprego.xunta.gal/portal/es/certificados-de-profesionalidad.html>

Moi importante:

Os Diplomas da formación superada non son equivalentes ós Certificados de Profesionalidade.

É preciso que o alumno/a, unha vez superada a formación por algunha das vías citadas, presente o modelo oficial de solicitude ante o Instituto Galego de Cualificacións, que é o organismo competente para a expedición dos Certificados de Profesionalidade e para a xestión do rexistro das acreditacións parciais de competencia, de acordo coa normativa vixente.

Onde se presentan as solicitudes?

En calquera rexistro administrativo da Xunta de Galicia, ou a través do portal único nos rexistros dos Concellos.

Ou ben por correo postal dirixido a:

Instituto Galego das Cualificacións

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 1º Planta
15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)

Nos seguintes enlaces pódense descargar os modelos de solicitude e máis información de interese:

<https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion/certificados-profesionalidade/solicitud>

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR308A>

5. OPCIÓNS LABORAIS

5.1. EMPREGO PÚBLICO

Que é?

Son postos de traballo desenvolvidos en organismos da Administración Pública: Concellos, Xunta, Estado, Ministerios, SERGAS, Deputacións Provinciais, Correos, Policía, Universidade, etc.

As persoas que traballan na Administración Pública poden pertencer a algún dos seguintes réximes:

- Funcionarios/as: que aprobaron unha oposición para unha praza de traballo fixo
- Persoal laboral: que teñen un contrato de traballo co organismo correspondente

5.1.1. Oposición e Oferta Pública

- Oposición: É o exame que un Organismo Oficial realiza ás persoas que desexan un posto de traballo dentro da Administración Pública
- Oferta pública: Son ofertas de emprego que convocan os diferentes organismos, tanto a nivel central, autonómico, provincial ou local

Como se pode acceder?

Hai diferentes vías. As principais son:

- **Oposición**: Un exame sobre un conxunto de temas. As persoas candidatas ordénanse en función da puntuación obtida.
- **Concurso-oposición**: Este sistema consta de 2 fases, de modo que para a puntuación final contan os resultados da proba ou exame e tamén a formación e a experiencia acreditadas pola persoa candidata
- **Oferta pública**. Existen 2 vías:
 - Os organismos solicitan as persoas candidatas ó Servizo Público de Emprego, xeralmente para contratos de tipo temporal
 - Ou ben, mediante anuncios nos medios de comunicación (DOG, xornais, páxina web do organismo correspondente...) para presentarse voluntariamente á selección

As bases dos procesos selectivos serán públicas e accesibles a todas as persoas candidatas.

Que requisitos ten?

Na propia convocatoria existe un apartado específico que explica os requisitos e condicións.

Existen medidas compensatorias para as persoas con discapacidade?

As oposicións para o emprego público deben establecer, segundo a lexislación vixente, unha reserva de prazas para persoas con discapacidade, que farán público na orde da convocatoria correspondente.

Establécese un mínimo de reserva de prazas do **7%** para persoas con discapacidade, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e compatibilidade co desempeño das tarefas, e desta cota, o 2% será cuberto por persoas con **discapacidade intelectual**.

En 2025 algunhas ofertas de emprego público a nivel estatal elevaron esta reserva ata o **10%** (2% para discapacidade intelectual e 8% para outras discapacidades) en aplicación de novas medidas de impulso á función pública.

As ofertas públicas para persoal laboral deben recoller nas súas bases se contemplan reserva de prazas para persoas con discapacidade.

Tamén deben estar establecidas, e a disposición das persoas interesadas, as medidas de adaptación correspondentes por discapacidade física, intelectual ou sensorial.

As persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% non terán que pagar as taxas, simplemente hai que presentar o certificado de discapacidade.

Existen convocatorias de emprego público exclusivas para persoas con discapacidade intelectual?

Si.

Diversos organismos veñen convocando nestes últimos anos prazas de emprego público reservadas para aspirantes con discapacidade intelectual exclusivamente, recoñecida oficialmente e superior ao 33%.

Onde atopar información das convocatorias de emprego público específicas para persoas con discapacidade intelectual?

Nas páxinas web de cada organismo público atópase información específica das convocatorias, xeralmente organizadas polo ano da Oferta Pública de Emprego (OPE).

A continuación amósanse as ligazóns de cada organismo:

- **Administración General del Estado:** <https://digital.gob.es/funcion-publica/dgfp/acceso-empleo-publico/ofertas>

- **Xunta de Galicia:** [Oferta pública de emprego - Xunta de Galicia](#)
- **Sergas:** [OPE - Oferta Pública de Emprego - Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde](#)

- **Deputacións Provinciais:**

Deputación de Pontevedra: [Emprego público da provincia de Pontevedra - Diputación de Pontevedra](#)

Deputación de A Coruña: [Oferta de empleo público](#)

Deputación de Ourense: [Deputación Ourense](#)

Deputación de Lugo: [Recursos Humanos | Deputación de Lugo](#)

- **Concellos:** Nas páxinas web de cada concello pódese atopar información sobre as ofertas de Emprego Público a nivel local

Destaca que nos últimos anos diversos concellos fóronse sumando á oferta de convocatorias dirixidas especificamente a persoas con discapacidade intelectual, como por exemplo os concellos de Vigo, Pontevedra, Lugo, etc.

- **Outros exemplos de organismos** que publicaron en anos anteriores ofertas de emprego específicas para persoas con discapacidade intelectual:

- ✓ **Parlamento de Galicia:** [Procedimientos selectivos - Parlamento de Galicia](#)

- ✓ **Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A:** [Recursos humanos - CSAG](#)

- ✓ **ADIF:** [Oferta de empleo público - Adif](#)

Ofrécense a continuación unhas táboas sinxelas dos principais organismos públicos nas que se recolle o histórico recente de ofertas reservadas para persoas con discapacidade intelectual mediante procesos de acceso libre con concurso-oposición.

Para simplificar a información non se recollen as convocatorias de Ofertas de Emprego Público (OPEs) anteriores ao 2021, figurando só as dos últimos 5 anos.

Administración General del Estado			Información de todas as OPE deste organismo neste enlace		Actualización: febreiro de 2026
Ano publicación OPE	Publicación da oferta no boletín oficial	Nº de prazas reservadas para persoas con DI e postos convocados	Máis información	Publicación da convocatoria (con prazo de inscrición)	Data de realización do exame
2025	BOE 16/07/2026	302 prazas persoal laboral IV convenio único EO - Tarefas complementarias de apoio	Seguimento da convocatoria neste enlace	Pendente no momento de actualización	
2024	BOE 03/07/2024	295 prazas persoal laboral IV convenio único EO - Tarefas complementarias de apoio	Seguimento da convocatoria neste enlace	Pendente no momento de actualización	
2023	BOE 12/07/2023	301 prazas persoal laboral IV convenio único EO - Tarefas complementarias de apoio	Seguimento da convocatoria neste enlace	Pendente no momento de actualización	
2022	BOE 25/05/2022	295 prazas persoal laboral IV convenio único EO - Tarefas complementarias de apoio	Seguimento da convocatoria neste enlace	BOE 22/05/2025	Data pendente. Publicouse o lugar de realización no BOE 10/02/2026
2021	BOE 28/07/2021	256 prazas persoal laboral IV convenio único EO - Tarefas complementarias de apoio	Seguimento da convocatoria neste enlace	BOE 26/07/2024	11/01/2025

Xunta de Galicia Consellería de Facenda e Administración Pública			Información de todas as OPE deste organismo neste enlace		Actualización: febreiro de 2026
Ano publicación OPE	Publicación da oferta no boletín oficial	Nº de prazas reservadas para persoas con DI e postos convocados	Máis información	Publicación da convocatoria (con prazo de inscrición)	Data de realización do exame
2025	DOG 04/12/2025	3 prazas Corpo auxiliar (subgrupo C2)	Seguimento da convocatoria neste enlace mediante consulta con NIF	Pendente no momento de actualización	
		10 prazas Agrupación profesional (AP)			
		10 prazas Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais: Especialidade persoal de limpeza e cociña			
2024	DOG 31/12/2024	10 prazas Agrupación profesional Escala de personal subalterno		Pendente no momento de actualización	
		10 prazas Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais: Especialidade persoal de limpeza e cociña			
2023	DOG 10/11/2023	10 prazas Agrupación profesional Escala de persoal subalterno		Pendente no momento de actualización	
		9 prazas Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais: Especialidade persoal de limpeza e cociña		DOG 20/11/2023	13/12/2025
2022	DOG 27/12/2022	10 prazas persoal funcionario Agrupación profesional (AP) Escala de persoal subalterno		DOG 29/01/2024	28/06/2025
		5 prazas persoal funcionario Agrupación profesional (AP) Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais. Especialidade de limpeza e cociña		DOG 20/11/2023	13/12/2025
2021	DOG 20/04/2021	9 prazas persoal funcionario Agrupación profesional de persoal subalterno (grupo AP) Escala de persoal subalterno (AP)		DOG 29/01/2024	28/06/2025
		11 prazas persoal funcionario Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais (AP) Especialidade de persoal de limpeza e cociña		DOG 20/11/2023	13/12/2025

SERGAS Consellería de Sanidade - Xunta de Galicia			Información de todas as OPE deste organismo neste enlace		Actualización: febreiro de 2026
Ano publicación OPE	Publicación da oferta no boletín oficial	Nº de prazas reservadas para persoas con DI e postos convocados	Máis información	Publicación da convocatoria (con prazo de inscrición)	Data de realización do exame
2025	DOG 03/07/2025	15 prazas Celador/a	Seguimento da convocatoria	DOG 04/09/2025	
		8 prazas Grupo auxiliar da función administrativa	Seguimento da convocatoria		-
		10 prazas Persoal de servizos xerais	Seguimento da convocatoria		-
		30 prazas Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría	Seguimento da convocatoria	DOG 04/09/2025	
		3 prazas Técnico en Farmacia	Seguimento da convocatoria		
		5 prazas Pinche	Seguimento da convocatoria	DOG 30/09/2025	-
2024	DOG 31/12/2024	14 prazas Celador/a	Seguimento da convocatoria	DOG 04/09/2025	
		10 prazas Técnico en coidados auxiliares de enfermaría	Seguimento da convocatoria		
2023	DOG 07/12/2023	33 prazas Grupo auxiliar da función administrativa	Seguimento da convocatoria	DOG 29/12/2023	10/05/2025
2022 - Oferta extraordinaria	DOG 04/01/2023	14 prazas Persoal de servizos xerais	Seguimento da convocatoria	DOG 25/10/2023	04/11/2023
2022	DOG 21/12/2022	14 prazas Persoal de servizos xerais	Seguimento da convocatoria	DOG 04/01/2023	04/11/2023
		14 prazas Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría	Seguimento da convocatoria		
2021	DOG 03/05/2021	15 prazas Celadores/as	Seguimento da convocatoria	DOG 04/01/2023	04/02/2024
		10 prazas Grupo auxiliar da función administrativa	Seguimento da convocatoria	DOG 04/01/2023	03/02/2024

Deputacións Provinciais						Actualización: febreiro de 2026
Organismo	Ano publicación OPE	Publicación da oferta no boletín oficial	Nº de prazas reservadas para persoas con DI e postos convocados	Máis información	Publicación da convocatoria (con prazo de inscripción)	Data de realización do exame
Deputación Provincial de A Coruña	2024	DOG 03/12/2024	1 praza persoal funcionario Subalterno AP	Seguimento da convocatoria neste enlace	BOE 15/10/2025	
Deputación Provincial de Ourense	2025 - Oferta extraordinaria	DOG 11/12/2025	1 praza persoal laboral porteiro/a		Pendente no momento de actualización	
	2024 - Oferta extraordinaria	DOG 11/10/2024	1 praza de recepcionista, persoal laboral fixo, asimilada ao subgrupo AP	Seguimento da convocatoria neste enlace	BOE 26/02/2025	Non hai exame ao tratarse de Concurso de Méritos
	2024	DOG 04/08/2025	1 praza porteiro/a (AP) 1 praza operario/a sen cualificar (AP)	Seguimento da convocatoria neste enlace	BOE 14/08/2025	
Deputación Provincial de Lugo	2023	BOP LU 30/12/2023	1 praza porteiro/a (AP) Esacala administración xeral, subescala subalterno (reservada a persoas con capacidades diferentes)	Seguimento da convocatoria neste enlace	Pendente no momento de actualización	

Outros organismos						Actualización: febreiro de 2026
Organismo	Ano publicación OPE	Publicación da oferta no boletín oficial	Nº de prazas reservadas para persoas con DI e postos convocados	Mais información	Publicación da convocatoria (con prazo de inscrición)	Data de realización do exame
Parlamento de Galicia	2021	DOG 14/04/2021	1 praza funcionario de Uxier (corpo auxiliar grupo D)	Procedementos selectivos - Parlamento de Galicia	DOG 10/09/2024	13/10/2025
Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	2022 e modificacións de 2021	DOG 31/05/2022	1 praza de ordenanza	Seguimento da convocatoria neste enlace	DOG 28/04/2025	
	2021	DOG 30/12/2021				

5.1.2.Listas de contratación temporal

Que son?

Son convocatorias para anotarse en diferentes perfís profesionais para cubrir postos de traballo temporal, tanto para personal funcionario interino como para personal laboral temporal. Algunhas das convocatorias regulares son:

XUNTA DE GALICIA

Cando sae a convocatoria?

O prazo establecido para inscribirse nas listas abertas cada ano, vai do 1 de marzo ao 30 de abril. Excepcionalmente, pódense abrir listas noutros momentos do ano, que se publican no DOG.

Naquelas listas que se atopen pechadas, só poderán anotarse as persoas que teñan servizos prestados e superada algunha proba do último proceso selectivo.

Onde sae publicada a convocatoria?

Pódese consultar na seguinte páxina web:

<http://www.xunta.gal/funcion-publica/contratacion-temporal/informacion-xeral>

Que requisitos teño que ter?

A titulación esixida tendo en conta a categoría profesional e, ademais, o nivel do CELGA correspondente.

Que categorías profesionais existen?

Depende, xa que van dende titulacións de Licenciados ata Certificado de Escolaridade (sae publicado na convocatoria).

Onde podo consultar a candidatura?

Na páxina web da Xunta de Galicia atópanse unha serie de enlaces para dita consulta:

<http://www.xunta.es/funcion-publica/contratacion-temporal/consulta-das-listas-decreto-37-2006>

SERGAS

Na páxina web do Sergas publícanse as ofertas de emprego público deste organismo, así como as resolucións de apertura das listas de contratación temporal en diversas categorías.

<https://www.sergas.es/Recursos-Humanos?idcatgrupo=11029>

Para anotarse en calquera proceso selectivo é necesario darse de alta previamente na Plataforma Expedient-e (Fides), cubrindo os datos persoais e curriculares da persoa solicitante.

<https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/oficina-profesional-expediente-electronico-sergas>

Tamén é necesario acreditar documentalmente todos os méritos rexistrados telepaticamente nesta plataforma, presentando posteriormente no Rexistro do Sergas orixinais e copias, coa solicitude de validación dos mesmos.

OUTROS ORGANISMOS que convocan prazas mediante listas de contratación temporal e concurso-oposición son: **SEAGA, Correos, AENA, Concellos, Xustiza, Deputacións Provinciais, Universidades públicas, Axencia Tributaria, Seguridade Social, SEPE, empresas públicas, consorcios e fundacións do sector público.**

Podes consultar a información máis detallada nas páxinas web de cada organismo.

Existen listas de contratación temporal exclusivas para persoas con discapacidade intelectual?

Si. Algúns organismos contan con listas específicas, derivadas das convocatorias de emprego público exclusivas para persoas con discapacidade intelectual.

Pódense consultar nas convocatorias específicas anteriormente mencionadas (Xunta, Ministerio, Deputación, SERGAS, etc.)

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

2014. Bolsa de emprego de **Ordenanzas**. (BOPPO 15/12/2014). Proceso selectivo pechado.

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2014/12/15/2014020558>

SERGAS

2020. Listas de selección temporal de persoal estatutario da **categoría de celador/a**, polo sistema de acceso reservado a persoas que acrediten unha discapacidade intelectual. (DOG 13/11/2020). Prazo pechado 15/12/2020.

https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/CELADOR_DISC_INTELLECTUAL

XUNTA

2018. Lista de contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia do grupo V, categoría 003 (ordenanza e outras), en prazas reservadas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual (DOG 27/06/2018).

Lista vixente pechada.

http://www.xunta.es/rcp/listas/rcp_li05/li05_novas.jsp?rcpCOD_LISTA=202&rcp_TIPO_CONS=2&lang=gl

http://www.xunta.es/rcp/listas/rcp_li05/li05_principal.jsp

5.2. TRABALLAR NUNHA EMPRESA

● 5.2.1. Emprego con apoio (ECA)

Que é?

É unha metodoloxía de inclusión laboral que abarca un conxunto de servizos e accións centradas na persoa e o seu entorno, para que a persoa con discapacidade e con especiais dificultades poda acceder, manterse e/ou promocionar nunha empresa, ou no mercado de traballo en xeral, contando co apoio de profesionais ligados directamente á inclusión sociolaboral.

Entendemos por persoas con especiais dificultades, aquelas que necesitan dun apoio continuado, puntual ou intermitente no desenvolvemento da súa actividade laboral, sendo a intensidade e a duración de estes servizos a necesaria para o mantemento no posto de traballo e asegurando un seguimento que garanta a continuidade e promoción da persoa traballadora.

O emprego con apoio fundaméntase nun sistema de apoio individualizado, consistente na provisión da axuda imprescindible proporcionada á persoa traballadora con discapacidade, para que poida desenvolver por ela mesma unha actividade laboral.

Que é un preparador ou unha preparadora laboral?

É o/a profesional que acompañará á persoa traballadora con discapacidade durante o seu proceso de formación no posto de traballo e será a persoa encargada de que desenvolva as tarefas de forma progresiva ata acadar o grao de autonomía necesario.

O papel do preparador ou preparadora laboral é fundamental no Proxecto de Emprego con Apoio.

A Federación Down Galicia e as súas Entidades Membro levan a cabo o Proxecto de Emprego con Apoio, que vai destinado ás persoas con discapacidade intelectual en xeral e/ou síndrome de Down en particular.

Existen tamén outras entidades de colectivos con discapacidade que levan a cabo proxectos de inserción laboral de persoas con discapacidade.

As medidas de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario son as liñas de subvencións do programa EMPREGA: (TR342A - Programa de emprego con apoio) da Xunta de Galicia.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR342A>

5.3. EMPREGO PROTEXIDO

5.3.1. Centros especiais de emprego

Que son?

Son empresas que participan no mercado laboral mediante unha actividade produtiva.

O obxectivo principal destes centros é a integración laboral e social das persoas con discapacidade, asegurando un emprego remunerado ás persoas con discapacidade, ó tempo que intentan facilitarlles o paso á inclusión en empresas ordinarias.

O seu equipo de traballadores e traballadoras ten que estar composto como mínimo nun 70% por persoal con discapacidade, mediante a relación laboral de carácter especial. Posúen un convenio colectivo propio que regula os aspectos laborais e salariais.

Os centros poderán ser creados por Administracións Públicas ou por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens, que teñan capacidade xurídica e de obrar para ser empresarios ou empresarias.

Cales son os requisitos?

Persoas cun grado de discapacidade igual ou superior ó 33%, segundo a Administración competente.

Para poder consultar os centros especiais de emprego en Galicia:

https://emprego.xunta.gal/lrpro/web/av_cee/mapa-de-centros

https://conselleriaemprego.xunta.gal/economia-social/centros-especiais-emprego?langId=es_ES

● 5.3.2. Centros ocupacionais

Que son?

Os Centros ocupacionais teñen como finalidade o desenvolvemento das habilidades profesionais, persoais e sociais das persoas cuxa discapacidade lles impide, de forma provisional ou definitiva, integrarse laboralmente.

As súas actividades desenvólvense mediante talleres de ocupacións diversas, como: xardinería, encadernación, tapicería, etc.

Cales son os requisitos?

Persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ó 33%, segundo a Administración competente, e ter xa realizada a valoración de dependencia no momento de presentar a solicitude de praza.

Pódense consultar os centros ocupacionais de Galicia no Buscador de entidades prestadoras de servizos sociais rexistradas:

<https://ruepss.xunta.gal/XiacWeb/aCentros.do>

6. RECURSOS PARA O EMPREGO E FORMACIÓN

6.1. SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO (Emprego Galicia)

Que é?

É un organismo público e gratuíto dependente da Xunta de Galicia. Realiza valores de intermediación entre os demandantes de emprego e as empresas.

<https://emprego.xunta.gal/portal/gl/>

Que servizos presta ás persoas demandantes de emprego?

Se a persoa demandante busca emprego ou quere mellorar a súa ocupación actual:

- Inscripción e clasificación da túa demanda de emprego
- Orientación laboral
- Formación para o emprego e programas experienciales
- Certificación de profesionalidade
- Intermediación laboral
- Información sobre ofertas de emprego de diversos ámbitos xeográficos
- Información sobre o mercado laboral dentro do teu ámbito de interese (por ámbito xeográfico e por ocupacións)
- Apoio ao autoemprego e ás iniciativas de economía social

Se a persoa demandante aínda non busca emprego, pero quere mellorar a súa cualificación:

- Orientación laboral
- Formación para o emprego
- Información sobre o mercado laboral

Como anotarse en EMPREGO GALICIA?

Na oficina de emprego que lle corresponda á persoa demandante segundo o seu domicilio. Para anotarse fai falta:

- D.N.I
- Certificado de discapacidade (se é o caso)

Tamén se poden anotar no SPEG os e as menores de idade (16 anos como mínimo), levando unha autorización da persoa titor/a legal ou pai/nai.

- O Servizo Público de Emprego de Galicia conta, ademais da rede de oficinas de emprego, cunha rede de Centros de Entidades Colaboradoras para labores de orientación laboral para demandantes que teñan discapacidade.

A persoa demandante con discapacidade pode solicitar na súa oficina de emprego unha entidade xestora para titorizar a súa demanda de emprego (actualizar o CV, entrevistas de orientación, IPI, etc.).

- **Down Galicia é centro colaborador especial do Servizo Público de Emprego**, dedicado a demandantes con **discapacidade intelectual**. As súas oficinas centrais están en Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Lugo, ofrecendo un Servizo de Orientación itinerante en diversos puntos das catro provincias galegas.

6.2. BOLSA DE EMPREGO DOS CONCELLOS

Algúns dos Concellos teñen unha bolsa propia nas que se poden apuntar as persoas demandantes ou en mellora de emprego.

Que servizos presta?

- Orientación laboral para a procura de emprego
- Información laboral
- Técnicas de procura de emprego
- Ofertas de emprego
- Introducir o currículo na bolsa de emprego que xestiona o centro
- Recibir formación para o emprego

Como anotarse nas bolsas de emprego?

Para inscribirse hai que contactar co Concello, xa que cada un dispón dun protocolo diferente.

Nestes enlaces aparecen recollidas ofertas de emprego público en Galicia.

<https://www.empleopublico.eu/galicia/>

<https://www.eidolocal.gal/ofertas-de-emplego>

6.3. CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS

As Confederacións de Empresarios, dispoñen de formación en diferentes áreas dirixida a empresarios/as e traballadores/as, ofrecendo un servizo de promoción e emprego.

Tamén posúe unha bolsa de emprego na que se poden apuntar as persoas demandantes para poder optar a diferentes ofertas de emprego.

Para consultar máis información: www.ceg.es (Confederación de Empresarios de Galicia)

Confederacións de Empresarios por provincias

- A Coruña: www.cec.es
- Lugo: www.celugo.es
- Ourense: www.ceo.es
- Pontevedra: www.cep.es

6.4. SINDICATOS

Dispoñen dunha oferta anual de formación tanto para persoas traballadoras en activo como para persoas desempregadas.

Para inscribirse nos cursos pode ser a través das súas oficinas ou na páxina web:

- **CCOO (Comisións Obreiras):** <https://1mayo.ccoo.es/>
- **CIG (Confederación Intersindical Galega–FORGA):** <https://forga.gal/>
- **USO (Unión Sindical Obreira):** <https://www.uso.es/servicios-afiliacion/formacion/cursos-de-formacion-para-el-empleo/>
- **UGT (Unión Xeral de Traballadores):** <https://www.ugt.es/formacion>
- **CSIF (Central Sindical Independiente y de funcionarios):** <https://www.csif.es/es/portada/nacional/formacion>
- **CGT (Confederación General del Trabajo):** <https://cgt.es/formacion/>

6.5. EMPRESAS DE TRABAJO TEMPORAL (ETT)

Que son?

Son empresas que serven de intermediarias entre as persoas traballadoras e as empresas, sendo a ETT a que establece a relación laboral co traballador ou traballadora.

Como se pode facer a inscrición?

Directamente en cada unha das oficinas das Empresas de Trabajo Temporal ou nas súas páxinas oficiais.

Nos seguintes enlaces, poderás consultar o listado das ETTs segundo a provincia:

Listado de ETTs en España: <https://www.portalett.com/>

- ETT A Coruña: <https://www.portalett.com/poblacion.php?id=acoruna>
- ETT Lugo: <https://www.portalett.com/provincia.php?id=lugo>
- ETT Ourense: <https://www.portalett.com/provincia.php?id=ourense>
- ETT Pontevedra: <https://www.portalett.com/provincia.php?id=pontevedra>

6.6. AXENCIAS DE COLOCACIÓN

Que son?

Son entidades colaboradoras do Servizo Público de Emprego para desenvolver actuacións relacionadas coa busca de emprego, orientación e información, selección de persoal, valoración de perfís profesionais, etc. Prestan un servizo gratuíto.

Como se pode facer a inscrición?

Directamente nas propias Axencias de Colocación ou por internet a través daquelas que teñan páxina web.

Onde están?

Neste enlace pódense atopar as Axencias de Colocación autorizadas:

https://www.sistemanacionalempleo.es/AgenciasColocacion_WEB/consultarAgenciasColocacion.do?idComunidadAmbito=12&modo=mostrarAgencias&origen=listado

6.7. EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

Que son?

Son iniciativas empresariais que combinan a actividade económica con metodoloxías de inserción laboral con persoas en risco de exclusión. Realizan un Itinerario de Inserción que consiste nun plan de traballo personalizado no que se establece un camiño planificado cara a consecución da integración no mercado ordinario.

A quen vai dirixido?

A persoas en situación con grave risco de exclusión social e persoas desempregadas con importantes dificultades para atopar emprego, que pertencen preferentemente a algún destes colectivos: perceptores de rendas mínimas, persoas desempregadas de longa duración, mozos e mozas que non finalizaron o ensino obrigatorio, etc.

Cales son os requisitos?

- Persoas desempregadas inscritas no SPE
- Situación de exclusión social da persoa traballadora, acreditada por un informe de Servizos Sociais
- Informe favorable do Servizo Público de Emprego para a tramitación do contrato bonificado para traballadores/as en situación de exclusión social

No seguinte enlace pódese consultar a listaxe de Empresas de Inserción laboral de Galicia

<https://conselleriaemprego.xunta.gal/es/economia-social/empresas-insercion-laboral/listaxe>

6.8. AULAS MENTOR

Que son?

Son ensinanzas non regradas, abertas, flexibles e a distancia, con titoría telemática, para persoas adultas. Realizan unha ampla gama de cursos, o que axuda a actualizar o perfil profesional, potenciar o emprego e aumentar a formación básica.

Como se pode facer a inscrición?

Hai que dirixirse a algún dos centros públicos de Galicia e formalizar alí a matrícula.

Pódense consultar os centros no seguinte enlace:

<https://aulamentor.es/aulas/>

Cando comezan?

Os cursos poden iniciarse calquera día do ano escolar e cada alumno ou alumna segue o seu propio ritmo de aprendizaxe.

A quen vai dirixido?

- Persoas maiores de 18 anos (non se require titulación previa)
- Calquera persoa adulta que desexe formarse para acceder a un posto de traballo ou aumentar o seu nivel cultural

Que titulación se obtén?

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes expedirá un certificado ó superar o curso.

Que oferta formativa hai?

Pódese consultar a oferta formativa no seguinte enlace:

<https://aulamentor.es/cursos/>

Para máis información:

<https://aulamentor.es/>

6.9. PÁXINAS WEB DE INTERESE

Para buscar empresas por sectores

- www.galiciavirtual.net
- www.ardan.es
- www.donempleo.com
- www.camara.es/funcion-consultiva/consulta-del-censo-publico-de-empresas
- www.infoempresa.com
- www.empresia.es
- <https://www.turijobs.com/> (turismo e hostelería)

Portais de emprego

- www.sepe.es
- www.mercadis.com
- www.acciontrabajo.com
- www.empleate.gob.es/
- www.infoempleo.com
- www.infojobs.net
- www.opcionempleo.com
- www.xerlok.com/
- www.tecnoempleo.com/
- www.milanuncios.com/ofertas-de-empleo/
- www.tablondelanuncios.com/trabajo/

Portais de emprego específicos de Galicia:

- axencialocaldecolocacion.org/ ¹
- www.eidolocal.es ²
- www.traballarnacosta.com/

¹ Dispón dun boletín de ofertas de emprego e formación de toda Galicia

² Portal da administración local de Galicia: emprego na administración pública, páxinas oficiais...

- <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp?lang=gal>
- <https://www.pontevedra.gal/emprego/>
- <https://www.coruna.gal/empleo/es/ofertas-empleo>
- <https://www.proxectoiles.es/>
- <https://deputacionlugo.portalemp.com/>
- <https://empregoengalicia.gal/es/>

Exemplos de WEBS onde buscar recursos de formación

- <https://conselleriaemprego.xunta.gal/formacion>
- <https://cntg.xunta.es/web/cnt/formacion>
- <http://xuventude.xunta.es/>
- <https://cemit.xunta.gal/es/red-cemit/cartera-de-servicios>
- <https://www.fesan.org/>
- <https://www.fase.net/>
- <https://www.educaweb.com/centro/recursos-galicia-coruna-18180/>

6.10. RECURSOS DE FORMACIÓN E EMPREGO ESPECÍFICAMENTE DIRIXIDOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Entidades de iniciativa social:

- **DOWN GALICIA:** Federación Down Galicia www.downgalicia.org
 - Asociación Down Vigo: www.downvigo.org
 - Asociación Down Pontevedra Xuntos: www.downxuntos.org
 - Asociación Teima Down Ferrol: www.teimadownferrol.org
 - Asociación Down Lugo: www.downlugo.org
 - Fundación Down Compostela: www.downcompostela.org
 - Asociación Down Coruña: www.downcoruna.org
 - Asociación Down Ourense: www.downourense.org
- **ONCE:** Organización Nacional de Cegos de España www.once.es
- **ASPACE GALICIA:** Federación galega de parálise cerebral www.aspacegalicia.org/
- **AUTISMO GALICIA:** Federación de autismo de Galicia www.autismogalicia.org

- **DANO CEREBRAL GALICIA:** Federación galega de dano cerebral adquirido
<https://danocerebralgalicia.org/gl>

Axencias de colocación de entidades de iniciativa social:

- **COGAMI:** Confederación Galega de persoas con discapacidade
www.cogami.es/
- **FEAFES:** Federación de asociacións de familiares de enfermos mentais de Galicia
www.feafesgalicia.org/
- **FAXPG:** Federación de asociacións de persoas xordas de Galicia
www.faxpg.es/
- **FADEMGA:** Federación de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia
<https://www.fademga.org/gl/>
- **INSERTA:** Entidade da Fundación ONCE para á formación e o emprego de persoas con discapacidade
<https://asociacioninsertainnovacion.es/quienes-somos/inserta-innovacion/>
- **ASOCIACIÓN ILUNION EMPREGO:** Asociación para a formación, servizos e colocación de persoas con discapacidade
www.ilunion-capitalhumano.com/es

Empresas de Trabajo Temporal (ETT):

- **NORTINTEGRA:** Centro especial de emprego do grupo Nortempo
<https://nortex.es/norintegra/>

Páxinas web e portais de emprego:

- **DISJOBS:** O portal de emprego para persoas con discapacidade
Ofertas de emprego: www.disjob.com
- **PORTALENTO:** Plataforma de emprego exclusiva para persoas con discapacidade ou incapacidade laboral
Ofertas de emprego e cursos formativos: www.port talento.es
- **FUNDACIÓN ADECCO:** www.fundacionadecco.org
- **FUNDACIÓN UNIVERSIA:**
<https://www.fundacionuniversia.net/es/index.html>

- **DISCAEMPLEO:** Portal exclusivo para demandantes con discapacidade: mental, intelectual, física o sensorial creado por iniciativa da fundación ALARES <http://www.discaempleo.com/>

Outros recursos:

- **Guías de beneficios e axudas para as persoas con discapacidade.**

<https://www.dsca.gob.es/es/derechos-sociales/discapacidad/beneficios-y-ayudas-economicas>

[https://prensasocial.es/wp-content/uploads/2025/08/documento orientativo sobre los servicios prestaciones y beneficios vinculados al grado de discapacidade.pdf](https://prensasocial.es/wp-content/uploads/2025/08/documento_orientativo_sobre_los_servicios_pres-taciones_y_beneficios_vinculados_al_grado_de_discapacidad.pdf)